



Fundación Galicia Europa
Memoria de actividades

2015

XUNTA DE GALICIA

Fundación Galicia Europa
Memoria de actividades

2015



fundación
GALICIA EUROPA

www.fundaciongaliciaeuropa.eu

Edita
Fundación Galicia Europa

Textos e coordinación editorial
Fundación Galicia Europa

Diseño e maquetación
WINDSOCK (www.windsock.es)

Rúa do Hórreo, 61. 15701 Santiago de Compostela
T. (+34) 981 541 012
santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu

Rue de la Loi, 38-2º, bte, 2. 1040 Bruselas
bruselas@fundaciongaliciaeuropa.eu

Fundación Galicia Europa: achegando Europa e Galicia

A Fundación Galicia Europa (FGE) nace en 1988 coa misión de manter unha oficina galega en Bruxelas e promover o achegamento entre Galicia e Europa. Vinculada á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, conta con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Bruxelas.

En 2015 veu reafianzado o seu papel coa adopción do Decreto 178/2015 de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se define a Fundación Galicia Europa como “unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico galego [...] que ten o mandato da Xunta de Galicia para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado.”



O novo Decreto de Acción Exterior de Galicia reforza o papel da FGE en Bruxelas como oficina de representación autonómica

O labor da FGE xira en torno a dous grandes obxectivos: unha mellor comunicación da actividade comunitaria en Galicia e a defensa das posicións galegas no contexto europeo. Para conseguilo, a Fundación traballa en catro ámbitos:

— **Defensa dos intereses de Galicia ante a UE.** Co obxectivo de promover os intereses galegos ante as institucións europeas, a FGE realiza un seguimento das políticas comunitarias para informar sobre elas en Galicia, especialmente á administración autonómica. Ao mesmo tempo, presta apoio e asesora aos participantes galegos en foros como o Comité das Rexións e outras reunións do ámbito comunitario. Complementariamente, a Fundación organiza actividades de promoción cultural, económica ou turística para dar a coñecer Galicia en Bruxelas.

— **Promoción da participación galega en proxectos europeos.** A FGE fomenta a participación de entidades galegas en proxectos europeos co fin de potenciar a competitividade dos sectores público e privado de Galicia. Esa promoción tradúcese en asesoramento técnico, procura de socios a escala europea, organización de reunións con representantes das institucións ou na mesma participación da FGE en consorcios de proxectos que lle resulten de interese. Por outra banda, a Fundación organiza seminarios de formación sobre este tipo de financiamento.

— **Información sobre a Unión Europea en Galicia.** A FGE traballa polo achegamento da actualidade comunitaria á sociedade galega así como para informar sobre posibilidades de financiamento e sobre as oportunidades de emprego e prácticas nas institucións. A principal canle de información é o seu portal web www.fundaciongaliciaeuropa.eu, o cal ofrece a posibilidade de subscribirse a un boletín de alertas.

— **Formación e sensibilización sobre Europa en Galicia.** O compromiso da FGE coa formación permitiu que nos 27 anos da súa existencia máis de 400 persoas coñecesen de preto a UE a través das súas bolsas de formación. En Galicia organiza, ademais, todo tipo de actos para explicar a Unión Europea aos galegos.

Padroado

Presidente

Don Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia

Vicepresidente

Don Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia

Secretaria

Dona Marta Viñas Hyllass-Bernoud
Asesora xurídica da Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta
de Galicia

Director

Don Jesús M^º Gamallo Aller
Director xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta
de Galicia

Vogais

Don Valeriano Martínez García
Conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia

Don Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta
de Galicia

Dona Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira do Medio Rural da Xunta de Galicia

Dona Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar da Xunta de Galicia

Don Jesús Asorey Carril
Representante das Cámaras de Comercio de Galicia

Dona Teresa Pedrosa Silva
Delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de
Vigo

Don Santiago Novoa García
Director de Banca Institucional de ABANCA

Don Valentín González Formoso
Presidente da Deputación de A Coruña

Don Álvaro Santos Ramos
Deputado da Deputación de Lugo

Don Manuel Antonio Varela Rey
Director da Axencia Galega de Innovación (GAIN)



XUNTA DE GALICIA

Cámaras
Galicia



//ABANCA



Deputación
DA CORUÑA



DEPUTACIÓN DE LUGO

gain
AXENCIA DE
INNOVACIÓN

Índice

2015 en cifras – 6

Defensa dos intereses galegos en Europa – 7

Fomento da participación en proxectos europeos – 23

Información sobre a UE en Galicia – 27

Formación e sensibilización – 29

Índice de siglas – 33

2015 en cifras

30.000 beneficiarios das actividades da FGE

300 participantes en **7** cursos de financiamento comunitario

Máis de **3.000** seguidores nas redes sociais


30.000 visitas ao portal web

400 asistentes nas **8** actividades en Galicia relacionadas coa UE

Difusión de máis de **100** convocatorias e **50** procuras de socios

Máis de **200** noticias publicadas na web

Orzamento das actividades da FGE (890.403 €)



Defensa dos intereses galegos en Europa

Galicia lidera un ditame do CdR sobre o futuro da acuicultura europea

A FGE apoia á participación autonómica no Comité das Rexións Europeo (CdR), a asemblea consultiva comunitaria que representa ás administracións rexionais e locais da Unión Europea. O membro titular da comunidade autónoma galega é o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, mentres que o cargo de membro suplente recae no director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús María Gamallo Aller.

En 2015, o CdR elaborou un total de 46 ditames e 8 resolucións cos que achega a opinión das entidades subestatais ao complexo proceso comunitario de toma de decisións. Na sesión plenaria de xuño, acordou por primeira vez cinco prioridades políticas que van guiar a esta asemblea durante

os cinco anos de mandato ata 2020: o relanzamento da economía europea, o reforzo da dimensión territorial da lexislación comunitaria, unha mellor comunicación da UE cara os cidadáns, a estabilidade e cooperación dentro e fóra da UE, e un maior diálogo interinstitucional.

Ao iniciar novo mandato a principios de ano, reestruturáronse as seis comisións de traballo, decidindo os representantes galegos continuar a súa participación na comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais (CIVEX) e entrar a formar parte na de Recursos Naturais (NAT), unha comisión na que xa participara en anteriores mandatos pois trata temas de moita importancia para Galicia como o desenvolvemento rural, os asuntos marítimos ou a política forestal.



Entre xuño e outubro, Galicia asumiu a coordinación política da delegación española no Comité das Rexións ata a composición dos novos gobernos autonómicos resultantes das eleccións de maio. Esta mesma delegación española foi a encargada de designar aos seus representantes no órgano executivo do CdR. Como xefe da delegación española designouse ao presidente de Castela A Mancha, Emiliano García-Page, como vicepresidente do CdR ao presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, e como vocal á presidenta da Junta de Andalucía, Susana Díaz.

O director da FGE, Jesús Gamallo, continúa a ostentar neste mandato o cargo de coordinador de grupo político na comisión CIVEX. Durante 2015, esta comisión debateu sobre a crise de refuxiados, a política de veciñanza ou a axenda de reforma do funcionamento da UE, debates nos que Galicia participou de forma activa.

No que respecta á comisión NAT, Galicia interveu nos debates xerados sobre o necesario apoio ao sector lácteo tras a supresión das cotas na primavera de 2015.

No mes de marzo e no seo desta mesma comisión, Jesús Gamallo foi escollido como relator dun ditame de propia iniciativa sobre o futuro da acuicultura europea no que se emite un conxunto de recomendacións políticas para mellorar a situación deste sector.

Para a elaboración deste ditame, Gamallo contou co apoio en calidade de experto do director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Juan Maneiro. Tras unha primeira reunión cos actores interesados - nas que participaron unha decena de organizacións a nivel europeo do ámbito ambiental e da industria - e diversos contactos mantidos con representantes da Comisión e do PE, o texto debateuse en dúas reunións de comisión antes de aprobarse de forma definitiva na sesión plenaria de outubro.



Galicia participou activamente nos debates de CIVEX sobre a crise dos refuxiados e o futuro institucional da UE

O ditame aprobado incide nas oportunidades que ofrece un sector infraexplotado na Unión fronte a outras rexións do mundo. As entidades rexionais e locais, nas que normalmente recaen as competencias para regular a actividade acuícola, son as que están mellor capacitadas para impulsar este sector. Entre as medidas que propón para elo, destaca a simplificación dos procedementos administrativos e a seguridade xurídica para os investidores no acceso ao espazo, a necesidade de apostar pola innovación para explotar o seu potencial ou a promoción dos mercados locais. O texto subliña que o crecemento da acuicultura sería un gran beneficio para as zonas rurais e estruturalmente débiles, ademais de xerar emprego cualificado.

Para difundir as mensaxes deste ditame, Jesús Gamallo participou en novembro no seminario "Acuicultura en movemento" organizado pola Federación Europea de produtores de Acuicultura (FEAP). 14 expertos do sector interviñeron neste foro para debater sobre como promover os produtos acuícolas no mercado, como garantir o seu respecto ao medio ambiente e como asegurar a súa complementariedade con outras actividades económicas.



O ditame identifica os obstáculos que dificultan o bo desenvolvemento do sector acuícola e recomenda posibles solucións para mellorar a súa competitividade

Reunións de alto nivel entre Galicia e Bruxelas

Máis dunha ducia de responsables políticos e técnicos da Xunta de Galicia visitaron Bruxelas en 2015 no exercicio das súas funcións. En todas estas visitas a FGE prestou o apoio necesario, identificando aos interlocutores máis axeitados nas institucións europeas, elaborando as axendas e prestando asesoramento loxístico e técnico.

Entre os representantes políticos, destacan as visitas de cinco conselleiros, precedidas pola do presidente da Xunta en febreiro para establecer un primeiro contacto persoal cos membros da Comisión Europea que asumiran o cargo tres meses antes baixo a batuta do presidente Jean-Claude Juncker. Alberto Núñez Feijóo reuniuse así co comisario de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca, Karmenu Vella, co comisario de I+D+i, Carlos Moedas e coa comisaria de Política Rexional, Corina Cretu.



Galicia, primeira rexión pesqueira de Europa

Tras meses de actuacións perante as institucións comunitarias, a Comisión Europea anunciou en 2015 a súa intención de retirar a proposta de prohibición de redes de enmalle á deriva, na que se incluía a arte de pesca artesanal denominada “xeito” que é amplamente utilizada en Galicia. Tanto a conselleira do Mar, Rosa Quintana, como o propio presidente da Xunta trataron esta cuestión nas súas visitas a Bruxelas. A Xunta sempre defendeu que se excluise o xeito desta proposta porque é unha arte moi selectiva que non realiza capturas accidentais nin de mamíferos nin de aves. Para lograr esta exclusión, a Xunta enviou á Comisión Europea a través do goberno central información pormenorizada sobre a escasa incidencia que ten esta arte nos recursos mariños.

En novembro, a conselleira do Mar mantivo unha reunión co director xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Unión Europea, João Aguiar, na que, ademais deste tema, tratou outros que afectan ao sector pesqueiro galego, como os totais admisibles de captura e as cotas que se establecen a finais de cada ano, a minoración dos descartes e o acordo pesqueiro da UE. A conselleira fíxolle entrega dun documento onde se analizan cada un destes puntos, analizando os problemas e suxerindo posibles solucións co obxectivo de colaborar coa Comisión Europea para conseguir unha mellor xestión da actividade pesqueira que teña en conta tanto o medio ambiente como os estudos de impacto social e económico.



A Comisión Europea anunciou a retirada da proposta pola que o “xeito” sería considerado unha modalidade de pesca ilegal da UE

Negociación dos programas operativos dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos en Galicia

Na súa visita a Bruxelas a principios de ano acompañado da conselleira de Facenda, Elena Muñoz, Feijóo avanzou a aprobación por parte da Comisión Europea do Programa Operativo FEDER elaborado pola Xunta para 2014-2020, sendo así un dos primeiros programas en ser aprobado en España. Durante o resto do ano sucedéronse as reunións entre a Comisión e as autoridades galegas para terminar de perfilar os programas que recollen as prioridades de actuación dos máis de 4.000 millóns de euros que Galicia recibe dos catro Fondos Estruturais e de Investimento Europeos: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE), o Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro (FEMP) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). Todos eles foron finalmente aprobados antes de rematar o ano, de forma que están plenamente operativos en 2016.

Pulo á innovación industrial e á excelencia científica galega

O conselleiro de Economía e Industria, Francisco Conde, viaxou a Bruxelas a finais de xuño para asinar a adhesión de Galicia á Vanguard Initiative, unha rede que reúne a 28 rexións europeas para impulsar proxectos conxuntos de innovación industrial. O conselleiro reuniuse ademais con representantes da Comisión Europea que están a apoiar o desenvolvemento destas redes e presentou o programa Oportunus, que complementa as subvencións concedidas polo Consello Europeo de Investigación (ERC) a proxectos de investigación excelente desenvolvidos en Galicia.

A FGE organizou para elo o seminario “Sinexías entre a ciencia excelente e as RIS 3”, no que participaron, ademais do conselleiro, representantes da DX de Política Rexional da Comisión Europea e do ERC, e máis un investigador da Universidade de Vigo, beneficiario de dúas subvencións do ERC por valor de 3 millóns de euros. O acto, ao que asistiu medio cento de persoas, puxo de relevo a necesidade de



O seminario “Sinexías entre a ciencia excelente e as RIS 3” organizado pola FGE serviu para dar a coñecer o programa Oportunus en Bruxelas

incentivar, reter e captar talento científico para o desenvolvemento rexional en liña coas prioridades definidas nas estratexias de investigación e innovación para a especialización intelixente.

O conselleiro de Economía tamén se reuniu na Comisión Europea con altos cargos en materia de Enerxía, Empresa e I+D+i, así como con eurodeputados que traballan nestas áreas. A competitividade da industria en relación cos prezos da enerxía, a posta en marcha do Plan de Investimentos para Europa e a relevancia das tecnoloxías facilitadoras clave son algúns dos temas que se abordaron nestas reunións.

Sensibilización sobre os retos demográficos na UE

Durante 2015 a FGE continuou traballando xunto con outras rexións europeas para chamar a atención sobre os retos que supón o envellecemento, o despoboamento e as baixas taxas de natalidade para moitos territorios da UE. Nesta liña, o conselleiro de Política Social reuniuse en novembro con altos cargos da DX de Emprego e Asuntos Sociais e da DX de Orzamentos da Comisión Europea para expoñer as súas inquietudes verbo destes desafíos. Durante estes encontros, o conselleiro resaltou a necesidade dunha estratexia europea neste ámbito que poida promover unha maior atención do orzamento comunitario a estas cuestións.




Participación no Consello

Galicia asumiu en xullo a representación das comunidades autónomas españolas en dúas formacións do Consello: Emprego e Asuntos Sociais e Educación, Cultura e Xuventude. En coordinación coa DXREUE, a FGE ofreceu todo o apoio necesario á Xunta de Galicia para facilitar a participación nos grupos de traballo que preceden ás reunións ministeriais.

Para participar nas reunións do Consello, desprazáronse a Bruxelas os conselleiros responsables de Xuventude, Jose Manuel Rey Varela, e de Educación e Cultura, Román Rodríguez, que aproveitaron a súa visita a Bruxelas para se reunir con representantes da Comisión Europea. A renovación do programa de traballo para a cooperación europea no ámbito da xuventude, a loita contra o abandono escolar temperán ou o papel da cultura nas relacións exteriores da UE son algúns dos temas abordados durante o segundo semestre de 2015 no Consello de Educación, Cultura e Xuventude.

De cara a participar na reunión ministerial, Galicia propuxo ao resto de CCAA un texto de posición común para cada un dos debates públicos que se fan celebrar e que versaban sobre o papel da animación socio-educativa na integración dos mozos migrantes, sobre as estratexias educativas de integración dos alumnos inmigrantes e sobre as actuacións contra a destrución do patrimonio cultural nas zonas en conflito. Tras obter o apoio das CCAA e do ministerio competente a estes textos, os conselleiros puideron intervir xunto co ministro do ramo na reunión de 23 e 24 de novembro. É de destacar que utilizaron o galego para as súas intervencións, grazas ao acordo alcanzado hai dez anos entre o Estado español e o Consello para o uso das linguas cooficiais españolas nesta institución.



Galicia coordinou a participación autonómica no Consello da UE durante o segundo semestre de 2015 nas áreas de Emprego e Asuntos Sociais e de Educación, Cultura e Xuventude

Na parte de Emprego e Asuntos Sociais, foi o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o que representou ás comunidades autónomas españolas na reunión ministerial do ramo. Nela, os ministros de Emprego da UE secundaron a proposta da Comisión para a integración dos desempregados de longa duración, ademais doutros temas como a posta en marcha dunha plataforma contra o traballo non declarado e a promoción da economía social. Este último tema foi, precisamente, o punto no que interveu o conselleiro Francisco Conde no Consello de Emprego e Política Social (EPSCO) de decembro en nome das 17 CCAA. A súa intervención culminou un intenso labor de coordinación das CCAA no Grupo de Asuntos Sociais dende o mes de xullo.



Participación galega en foros de debate en Bruxelas

A FGE coordinou un ano máis a participación galega nos **Open Days 2015, a Semana Europea das Rexións e as Cidades**, unha plataforma que brinda ás administracións rexionais e locais, expertos e representantes do mundo académico a posibilidade de poñer en común boas prácticas e coñecementos especializados sobre a posta en marcha das políticas europeas.

Esta 13ª edición celebrouse entre o 12 e o 15 de outubro baixo o lema *Rexións e cidades de Europa: socios para o investimento e o crecemento*.

Dende marzo, a FGE xestionou a participación de Galicia en dous seminarios: no primeiro participaron Galicia e o Norte de Portugal xunto a outras 11 rexións europeas, baixo o título *Oportunidades para o cambio demográfico: servizos públicos e desenvolvemento económico en áreas con desafíos demográficos*. Neste caso, Galicia explicou a súa experiencia cos chamados "fogares intelixentes", un proxecto que pretende ofrecer unha mellor atención aos maiores na súa contorna social habitual adaptando os fogares ás súas necesidades mediante a tecnoloxía.

No segundo participaron a Deputación da Coruña e outras 10 entidades locais e rexionais. Titulado *A integración e o desenvolvemento das áreas rurais e urbanas en Europa*, acolleu a presentación do proxecto Partner-TIC 2, cofinanciado polo FEDER, cuxo obxectivo é o fomento do emprego nas áreas rurais da provincia da Coruña a través das TIC.



Durante os Open Days 2015, Galicia amosou exemplos de adaptación dos fogares ao envellecemento poboacional e de integración entre o medio rural e urbano

No mes de novembro a directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, Natalia Prieto, participou na **conferencia “Seguemento da subsidiariedade e mellor lexislación na UE”** organizada polo CdR no Parlamento de Flandes, onde explicou a experiencia práctica galega para legislar mellor e conseguir unha xestión pública máis eficiente e áxil.

Por último, Galicia explicou a súa experiencia de cooperación transfronteiriza co Norte de Portugal en dúas ocasións: en marzo, con ocasión da reunión anual da Plataforma das AECT do Comité das Rexións, e en novembro, con motivo da asemblea xeral da Asociación de Rexións Fronteiras Europeas (ARFE). En ambas presentouse a AECT Galicia- Norte de Portugal e as accións de cooperación transfronteiriza levadas a cabo en materia de emprego (*Job Days*) e educación (programa Iacobus).



A cooperación con Norte de Portugal e a reforma administrativa en Galicia foron explicados en Bruxelas ante representantes doutras rexións e das institucións comunitarias


Natalia Prieto Viso
Xerente

Michael Gibbons
Regulatory Policy Committee, UK

Participación en redes de cooperación rexional

Galicia participa en numerosas redes de cooperación rexional, o que lle permite acceder á información, compartir experiencias con outras rexións — que ás veces se traducen na posta en marcha de proxectos europeos— e, sobre todo, participar en foros que manteñen unha interlocución directa coas institucións europeas. A Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e a Asemblea de Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE) son as dúas redes con máis tradición no contexto comunitario, se ben nos últimos anos Galicia tamén se uniu a outras redes nas que traballa en eidos máis específicos como o da I+D+i, o turismo ou os retos demográficos. A FGE presta apoio á Xunta de Galicia para asegurar unha activa participación nestas redes que adoitan desenvolver a maior parte da súa actividade en Bruxelas.

En 2015, a FGE continuou a traballar na **Rede de Rexións Europeas con Cambios Demográficos (DCRN)** para chamar a atención a nivel europeo sobre os desafíos demográficos aos que se enfrontan algunhas rexións. Ademais de organizar un seminario durante os *Open Days*, fíxose un seguimento dos primeiros debates sobre o deseño da política rexional despois de 2020 e mantívose contacto cos distintos actores que en Bruxelas tamén traballan nestas cuestións: o intergrupo Envellecemento Activo, Solidariedade Interxeneracional e Políticas de Familia dentro do Parlamento Europeo, a rede europea de centros de investigación en demografía *Population Europe* e a asociación europea que defende os intereses das persoas maiores perante a UE, *Age Platform*. En decembro, esta plataforma lanzou o Pacto Europeo sobre Cambio Demográfico, co que se pretende crear unha rede estable de administracións e outros actores para procurar solucións innovadoras ao envellecemento activo e para desenvolver entornos adaptados ás persoas maiores.



As redes de cooperación rexional constitúen un importante instrumento para defender os intereses galegos ante a UE. A FGE presta apoio á participación galega nestas redes

As propias oficinas de representación das Comunidades Autónomas en Bruxelas constituíron en 2002 a **Rede de Colaboración entre as Oficinas Rexionais Españolas (CORE)**, que ten permitido intensificar as súas relacións dun modo máis estruturado co obxectivo de mellorar a súa interlocución coas institucións comunitarias e coa Representación Permanente de España ante a UE (REPER). En 2015 foi a oficina de Navarra a que coordinou os traballos de CORE posibilitando a organización de nove encontros con altos cargos das institucións comunitarias, como o comisario de Enerxía e Cambio Climático, Miguel Arias Cañete, ou os Directores Xerais de Empresa, Daniel Calleja, e de Orzamentos, Nadia Calviño.

Os dez grupos de coordinación técnica de CORE organizaron, pola súa parte, diversas reunións en áreas como o transporte, a I+D+i ou a política comercial da UE. A través do contacto directo con funcionarios da Comisión Europea ou da REPER, estas reunións permiten un mellor seguimento e análise das políticas públicas comunitarias.

Pola súa banda, Galicia continuou a participar no **Grupo Interrexional do Automóvil**, un dos dez grupos horizontais existentes dentro do CdR que reúne a medio centenar de membros interesados na competitividade do sector automobilístico. En decembro, este grupo presentou a “Guía de Electromobilidade para as Autoridades Locais e Rexionais” que recolle recomendacións e boas prácticas para a implantación do coche eléctrico. Ademais, mantivo un estreito contacto coa Comisión Europea para poder participar como observador no novo grupo de alto nivel que se creou baixo o nome de GEAR 2030 para velar pola competitividade do sector automobilístico europeo a nivel mundial.

A rede **Maritime Industries for Blue Growth**, da que Galicia forma parte dende a súa creación en 2012, acordou reivindicar a nivel europeo unha estratexia industrial marítima que, ademais de apoiar o uso e implantación das enerxías sostibles, favoreza a creación de emprego sustentable e de calidade nas rexións costeiras. Agora conformada como un grupo de traballo da CRPM, o traballo desta rede



Unha Guía de Electromobilidade para Endades Locais e Rexionais, un Pacto Europeo sobre Cambio Demográfico e unha Folla de Ruta para a Diversidade Lingüística son algúns dos resultados do traballo en rede no que Galicia participa

centrouse en esixir unha maior coherencia entre a política de reindustrialización europea, que leva a actual DX GROW da Comisión Europea, e a estratexia de Crecemento Azul desenvolvida por DX MARE. Para isto, mantivo contacto coa propia Comisión Europea, o Parlamento Europeo (especialmente co intergrupo “Mar, Ríos, Illas e Áreas Costeiras”), o *European Skills Council* (que está a identificar as necesidades de formación no eido das industrias marítimas) e outros grupos de interese a nivel europeo como *Ocean Energy Europe*, *Sea Europe* e a *Wind Energy Association*.

Galicia participa así mesmo na **Comisión do Arco Atlántico da CRPM** que en 2015 realizou un importante seguimento da participación das rexións atlánticas na posta en marcha do Corredor Atlántico dentro das Redes Transeuropeas de Transporte. Igualmente, advertiu da falta de visibilidade da Estratexia Atlántica na programación da política rexional 14-20 tratando de mobilizar proxectos interesantes entre as súas rexións no marco desta estratexia lanzada pola Comisión Europea en 2011.

A FGE prestou igualmente apoio á SX de Política Lingüística para a súa participación na **Rede Europea para a Promoción da Diversidade Lingüística** (NPLD, polas súas siglas en inglés). Tras unha fase de consulta, esta rede lanzou nunha conferencia de alto nivel en outubro unha Folla de Ruta para a Diversidade Lingüística. Este documento pretende asegurar que as linguas faladas en Europa, xa sexan de ámbito internacional, nacional, rexional, minoritarias, ameazadas ou linguas da inmigración, se consideren valores comúns que precisan de apoio. Esta folla de ruta reflicte a necesidade de que na UE existan políticas ben planificadas para fortalecer as linguas, de forma que contribúan á cohesión social e ó crecemento económico.

Por último, a FGE prestou apoio á Axencia Galega de Turismo para participar en **NECSTOUR**, a rede de Rexións Europeas por un Turismo Sostible e Competitivo, que en 2015 lanzou un manifesto xunto con outros 20 actores do sector turístico a nivel europeo sobre a contribución do turismo ao crecemento e a creación de emprego.



Actividades de promoción de Galicia en Bruxelas

Co obxectivo de dar a coñecer Galicia en Bruxelas no marco dos seus intereses territoriais, a FGE organizou a participación de Galicia en varios eventos así como en diversas actividades culturais.

Con motivo da celebración en Bruxelas do Día de Europa, Galicia participou un ano máis na xornada de portas abertas das institucións europeas, coa que se pretende achegar o funcionamento destas aos cidadáns nun ambiente festivo. Galicia estivo presente cunha caseta informativa no Comité das Rexións, desde onde informou ós visitantes sobre as peculiaridades tanto turísticas como culturais e gastronómicas de Galicia.



Galicia participou un ano máis na xornada de portas abertas das institucións europeas para informar sobre Galicia dun xeito lúdico

Co mesmo obxectivo, Galicia participou en xuño no Día E, o *Día de todos os que falan español*, organizado polo Instituto Cervantes de Bruxelas. O equipo da FGE preparou actividades para os máis pequenos a través das que dar a coñecer tanto Galicia como a súa realidade lingüística e cultural.

Tamén en colaboración co Instituto Cervantes, a FGE organizou en xuño a proxección do documental *100% CEF, unha biografía de Celso Emilio Ferreiro*, unha produción sobre o poeta galego Celso Emilio Ferreiro premiada en varias ocasións e co aclamado Luís Tosar no papel do poeta de Celanova.



A FGE proxectou *100% CEF*, unha biografía de Celso Emilio Ferreiro protagonizada por Luis Tosar sobre a figura do poeta

Fomento da participación en proxectos europeos

Programa TecEuropa de financiamento comunitario

Co obxectivo de apoiar a participación galega en proxectos europeos, a FGE convocou a finais de xuño un programa de especialización en financiamento comunitario que se desenvolveu en setembro na oficina de Bruxelas. Os participantes, máis dunha vintena de profesionais galegos, recibiron formación especializada sobre o Marco Financeiro 2014-2020, ademais de visitar as sedes das institucións europeas co obxectivo de coñecer de primeira man o seu funcionamento.

A convocatoria recibiu máis de 70 solicitudes, polo que tras elixir aos 20 seleccionados seguindo criterios de experiencia, formación e interese da entidade, decidiuse ampliar en cinco o número de prazas. Tras o éxito do programa e a demanda dos participantes, a FGE organizou unha segunda parte deste curso en Santiago de Compostela a principios de decembro cun enfoque máis práctico ao centrarse na preparación e xestión de proxectos europeos. Ademais, creouse na rede social LinkedIn o grupo TecEuropa para facilitar o contacto entre os participantes e outros interesados en proxectos europeos. O principal obxectivo de TecEuropa é crear unha rede entre estes técnicos en asuntos europeos en Galicia que facilite a colaboración entre eles para poder sacar o máximo proveito ás oportunidades de financiamento que ofrece a UE.



TecEuropa pretende servir de plataforma para a creación dunha rede de profesionais no ámbito do financiamento comunitario en Galicia. En definitiva, tecer fíos en Galicia para unha mellor proxección en Europa

Difusión da Guía de Financiamento comunitario 2014-2020

Publicada en 2014, a Guía de Financiamento comunitario 2014-2020, elaborada pola FGE, foi distribuída en papel en numerosos actos ao longo de 2015. O manual, accesible tamén a través do portal web, presenta de xeito breve e conciso as distintas fronteiras de financiamento comunitario e destaca os aspectos clave na preparación e desenvolvemento dos proxectos europeos.

Oportunidades para as pemes na UE

En novembro, a FGE organizou en colaboración cun dos membros do seu padroado, as Cámaras de Comercio de Galicia, tres cursos de formación co obxectivo de que as empresas galegas coñezan as oportunidades que a UE ofrece ás Pemes. Nos cursos, ademais dunha introdución sobre a política da UE de apoio ás pemes, explicáronse as claves para comprender o funcionamento de tres tipos de financiamento europeo: os programas de financiamento no ámbito da competitividade, os instrumentos financeiros postos en marcha polo Banco Europeo de Investimento (BEI) e as licitacións no marco da Axuda Externa da UE. Máis de 100 empresas participaron nos cursos celebrados nas Cámaras de Santiago, Coruña e Vigo.



Preto de 300 persoas participaron nos cursos sobre financiamento comunitario organizados pola FGE

Xornadas formativas

Co mesmo obxectivo de formar á sociedade galega sobre as oportunidades de financiamento da UE, a FGE colaborou na organización en decembro dunha xornada na EGAP dirixida a funcionarios e empregados públicos sobre elixibilidade dos custos, simplificación administrativa e avaliación de proxectos en relación cos fondos Estruturais e de Investimento Europeos.

Tamén para afondar nas oportunidades de financiamento que ofrecen as institucións comunitarias, neste caso ao terceiro sector, a FGE organizou en outubro xunto á EAPN Galicia-Rede Galega contra a Pobreza un seminario dirixido a profesionais e voluntariado galego. O encontro reuniu a máis de 100 persoas, ás que se lles deu a coñecer as prioridades dos diferentes fondos europeos que poderán destinarse á loita contra a pobreza e a exclusión social ata 2020.

Asesoramento

A través do seu apartado dedicado ao financiamento comunitario na web, a FGE fíxose eco de 118 convocatorias e 50 anuncios de entidades que buscan socios para presentar propostas de proxectos. A partir da publicación da Guía de Financiamento Comunitario a finais de 2014, actualizáronse as fichas-resumo dos programas de financiamento comunitario 14-20. Ademais, a FGE contestou a unha trintena de consultas puntuais referentes ás posibilidades de acceder a este tipo de financiamento.



Proxecto EMPRENDE

A FGE tamén participa directamente en proxectos europeos. Así, dende 2011 desenvolve o proxecto “Mozos Emprendedores da Eurorrexión”, máis coñecido como EMPRENDE, que fomenta a creación de empresas e a promoción do emprego entre a xuventude de Galicia e do Norte de Portugal.

No marco deste proxecto, en xuño de 2015 celebráronse en Verín e Vilagarcía de Arousa unhas xornadas informativas sobre a Iniciativa de Emprego Xuvenil. No encontro explicáronse as distintas medidas das que se poden beneficiar os mozos de entre 16 e 24 anos que se poden acoller a este programa impulsado pola UE. Estas medidas expuxéronse en torno a catro eixos principais: mellora da intermediación, mellora da empregabilidade, estímulos á contratación e fomento do espírito emprendedor.

En setembro, celebráronse en Ourense e Vigo dous seminarios para o desenvolvemento do talento emprendedor dos mozos na procura de emprego. Neles examináronse as capacidades persoais e sociais dos demandantes de emprego, establecendo un diagnóstico do perfil de cada un e elaborando un plan de acción para definir os pasos necesarios conducentes ao autoemprego.




Información sobre a UE en Galicia

O portal web da Fundación Galicia Europa é a plataforma fundamental para a difusión de novas sobre o labor da FGE así como da actualidade europea ligada aos intereses galegos. Do mesmo xeito, dende a páxina da FGE tamén se traballa por garantir unha boa difusión de oportunidades de traballo e prácticas na UE así como de convocatorias e procuras de socios para proxectos europeos. En total, publicáronse 89 novas corporativas da FGE e 118 novas de actualidade comunitaria.

Durante todo o ano rexistráronse máis de 30.000 visitas ao portal web – preto de 16.000 visitantes únicos.

Durante 2015, a FGE reforzou a súa presenza en redes sociais, sobre todo en Facebook e Twitter, dende onde se difundiron as noticias máis relevantes da FGE e a UE así como oportunidades de traballo e prácticas interesantes para o público galego. En 2015 tamén se incrementou o número de seguidores nas redes sociais, chegando a máis de 3.000 nas tres plataformas onde está presente.




A web recibiu máis de 30.000 visitas durante o ano 2015

Neste ano creouse tamén un perfil da FGE na rede social LinkedIn, dentro do cal funcionan dous grupos destinados a manter o contacto cos antigos bolseiros da FGE e fomentar o contacto entre profesionais galegos interesados en participar en proxectos europeos (TecEuropa).

A FGE continuou colaborando mensualmente con ECO-Revista do Eixo Atlántico co obxectivo de explicar a actualidade comunitaria en Galicia. Así, publicáronse 11 artigos sobre distintos temas como o Plan de Investimentos para Europa, a crise de refuxiados ou a política social europea.

Por outra banda, a FGE seguiu enviando aos seus 2.683 subscritores dous boletíns dixitais ao mes cunha recompilación das noticias publicadas na páxina web, ademais de convocatorias de proxectos europeos, anuncios de procuras de socios e anuncios dos actos previstos na axenda.



A FGE incrementou nun 15% a súa presenza nas redes sociais e creou dous grupos especializados na rede LinkedIn para antigos bolseiros e para técnicos de proxectos europeos

Formación e sensibilización

Bolsas FGE en asuntos europeos

Un ano máis, na súa aposta pola formación da mocidade galega, a FGE convocou as súas bolsas en asuntos europeos. No mes de xaneiro incorporáronse ás oficinas de Santiago de Compostela e Bruxelas seis novos bolseiros. Catro destas bolsas céntranse no seguimento das políticas comunitarias que máis afectan a Galicia. A FGE ofreceu, ademais, unha bolsa de comunicación na oficina de Bruxelas e, por segundo ano consecutivo, outra bolsa dirixida a técnicos superiores en Secretariado ou en Administración e Finanzas.

Ademais, en 2015 fixeron tamén as súas prácticas na FGE cinco estudantes da Universidade de Santiago de Compostela.

Bolsa en I+D+i

Así mesmo, e por mor da entrada da Axencia Galega de Innovación (GAIN) no Padroado no mes de xullo, a FGE convocou en outubro unha bolsa de formación dirixida a titulados superiores universitarios no ámbito da I+D+i. Esta bolsa ten unha duración dun ano e desenvólvese integramente na oficina da FGE en Bruxelas, onde a persoa seleccionada fai un seguimento das oportunidades que ofrece o programa comunitario de Investigación e Innovación, Horizonte 2020. Con este obxectivo, participa, entre outras, nas actividades da Rede de Rexións pola I+D+i (ERRIN) e da rede de oficinas de representación en Bruxelas das rexións que forman parte da Vanguard Initiative.



A FGE conta cunha rede de máis de 400 ex-bolseiros que ocupan hoxe diferentes postos na administración pública e no sector privado

Debate sobre a integración europea

Con motivo do día de Europa e para achegar a realidade do proxecto europeo a Galicia, a FGE - en colaboración coa USC e o Club de Debate de Compostela- organizou en maio un debate de exhibición sobre o proxecto de construción europea e a integración política e económica que supuxo a UE.

No debate participaron estudantes universitarios de distintas disciplinas académicas sobre a proposta *É esta a Europa que queremos?*, en relación cos retos políticos, económicos e sociais aos que tivo que facer fronte a UE nos últimos anos.



Visitas de grupo

En Bruxelas, a FGE colaborou na organización de dúas visitas de grupo.

En setembro, da man da asociación INEO, 10 empresas galegas do sector TIC, visitaron a Comisión Europea, onde se lles explicaron os programas H2020 e COSME, ademais de reunirse con varios eurodeputados galegos e visitar a REPER para coñecer as claves para acceder ás licitacións comunitarias.

En novembro, a FGE recibiu na súa oficina a un grupo de 20 alcaldes galegos en visita á capital comunitaria para coñecer o marco europeo de financiamento comunitario 14-20, ademais do papel da FGE no apoio á defensa dos intereses galegos no proceso comunitario de toma de decisións.

Xornadas informativas

A FGE participou en marzo na xornada “Retos para a formación e o emprego Europa 2020”, organizado pola Deputación de Pontevedra coa finalidade de difundir os obxectivos da estratexia Europa 2020 no ámbito nacional e na comunidade autónoma galega. Neste acto, a FGE informou sobre o impacto dos fondos comunitarios 2014-2020 nos principais retos aos que se enfrenta Galicia, tales como a innovación e a mellora da competitividade das pemes.

Ademais, a FGE colaborou nas xornadas “Traballar na Unión Europea: retos e oportunidades” organizadas pola Cátedra Jean Monnet coa participación dos tres campus da Universidade de Vigo. O encontro estivo centrado nas posibilidades de emprego e prácticas na UE, explicando as distintas posibilidades nas institucións e os seus procesos de selección.



Durante 2015 visitaron as oficinas da FGE en Bruxelas representantes de 10 empresas galegas do sector das TIC e unha vintena de alcaldes galegos

Nova edición da Guía de Prácticas e Saídas laborais

En novembro publicouse a quinta edición da Guía de Prácticas e Saídas Laborais na Unión Europea e Organizacións Internacionais para informar á mocidade galega sobre as diferentes bolsas de estudo, prácticas e emprego convocadas por diversas entidades públicas e privadas a nivel galego, estatal e internacional. A Guía recolle un resumo de máis de 130 oportunidades para estudar, traballar ou aprender idiomas no estranxeiro. A nova edición foi presentada en abril nunha sesión informativa da Universidade de Santiago; en xuño no marco do programa de emprego integrado da UDC e a Xunta UNINSERT; en xullo ante os alumnos do Máster en Estudos Europeos da Universidade da Coruña e en outubro no foro Xuventude en Movemento organizado pola UDC e Europe Direct.



A Guía de prácticas e saídas laborais, que en 2015 chegou á súa quinta edición, ofrece un resumo de máis de 130 oportunidades de traballo, formación e prácticas en organismos europeos

Índice de siglas

AECT	Agrupación Europea de Cooperación Territorial
ERC	European Research Council (Consello Europeo de Investigación)
FGE	Fundación Galicia Europa
CCAA	Comunidades Autónomas
CdR	Comité das Rexións
CIVEX	Comisión de Cidadanía, Gobernanza e Asuntos Institucionais e Exteriores do CdR
CORE	Colaboración das Oficinas Rexionais Españolas en Bruxelas
CRPM	Conferencia de Rexións Marítimas Periféricas de Europa
DX	Dirección Xeral
DX GROW	Dirección Xeral de Mercado Interior, Industria, Emprendemento e Pemes da Comisión Europea
DX MARE	Dirección Xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea
DXREUE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia
DCRN	Demographic Change Regions Network (Rede de rexións afectadas polo cambio demográfico)
EGAP	Escola Galega de Administración Pública
EAPN GALICIA	European Anti-poverty Network Galicia
FEAP	Federación Europea de produtores de Acuicultura
FEDER	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
GAIN	Axencia Galega de Innovación
I+D+I	Investigación, Desenvolvemento e Innovación
NAT	Comisión de Recursos Naturais do Comité das Rexións
PE	Parlamento Europeo
REPER	Representación Permanente de España ante a UE
TIC	Tecnoloxías da Información e a Comunicación
UE	Unión Europea
UDC	Universidade da Coruña
USC	Universidade de Santiago de Compostela



galicia

